



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) PARA IMPULSAR ACCIÓNS NO CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL (CIF) COMO CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN ACREDITADO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (SUG)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Consellería) ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña (UDC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a UDC para o desenvolvemento de actuacións estratéxicas co fin de dotar ao Campus Industrial de Ferrol (CIF) dunha identidade propia, estreitamente ligada ás potencialidades económicas do seu entorno, así como unha maior visibilidade que garanta o seu futuro, tanto a nivel nacional como internacional, tendo en conta o establecido na súa resolución de acreditación.

Os obxectivos son consolidar unha maior especialización, compactidade e calidade da docencia e da investigación no Campus Industrial de Ferrol (CIF).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nun interese público, xa que na actualidade a investigación configúrase como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia do coñecemento. O sistema público de I+D en Galicia no ámbito universitario, pretende a través da especialización dos seus campus, unha mellora da capacidade investigadora dos seus resultados tanto pola adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación como pola mellora da súa calidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente

